


EXPERIMENTO. BICHOS FLOTANTES MATERIAIS:

- Cartolina tamaño folio.
- Tesoiras.
- Bol con auga.
- Lápis.

INSTRUCCIÓN:

1º-Dobra o rectángulo de cartulina pola metade. Nunha das caras debuxa un insecto con tres patas e tres pés. Debe ocupar toda a cartolina, como na foto.



2º-Recorta a silueta con coidado de non recortar polo pliegue. Dobra os pés do insecto para fóra para que se teña en pé.



3º-Enche un bol con auga e coloca o insecto de modo que os pés toquen a superficie da auga á mesma vez.



HIPÓTESE:

Que cres que vai pasar ao poñer o insecto na auga?

EVIDENCIA:

Que pasou ao poñer o insecto na auga?

BOTE DA CALMA



MATERIAIS:

- Un bote ou unha botella.
- Diferentes obxectos ou materiais que teñas na casa (anacos de fideos, cadrados de papel coloreado, lentellas, anacos papel aluminio...).
- Auga.

INSTRUCCIÓNS:

- 1º-Mete no bote ou na botella os materiais que desexes. Non esquezas escribir no seguinte cadro de rexistro os materiais e cantidades utilizados.

MATERIAIS	CANTIDADES

-Enche o recipiente de auga , pon a tapa e bate con todas as túas forzas.


-Observa.

EVIDENCIA:

Que pasou? Todos os materiais están xuntos? Todos os materiais caeron ao mesmo tempo?...

DEBUXO:

Debuxa o teu bote da calma .



Agora xa podes utilizar o teu bote da calma. Cando te sintas nervioso, enfadado... podes axitar o bote e observalo durante un rato. Xa verás como te sentes mellor!!! Eu tamén vou facer o meu.

EXPERIMENTO ESTRELA PALILLOS

Inventa un título.

MATERIAIS:

- 5 palillos.
- Auga.
- Contagotas ou xiringa sen agulla.

INSTRUCCIÓN:

- 1º-Dobrar os palillos pola metade en forma de V (non poden romper)
- 2º-Colocar os palillos sobre unha superficie lisa formando un círculo.



- 3º-Engade unhas gotas de auga no centro.


HIPÓTESE:

Que cres que pasará ao botar auga?

A large, empty rectangular box with a thick black border, intended for writing a hypothesis.

EVIDENCIA:

Que pasou ao botar auga?

A large, empty rectangular box with a thick black border, intended for recording evidence.

FAI UN DEBUXO DO QUE PASOU:

A large, empty rectangular box with a thick black border, intended for drawing an illustration of what happened.

EXPERIMENTO MOEDA

Título:

MATERIAIS:

- Unha moeda.
- Un contagotas.
- Un vaso de auga.
- Pano para secar a moeda.

HIPÓTESE:

Cantas gotas de auga se poden colocar sobre a superficie dunha moeda?

GOTAS DE AUGA

INSTRUCCIÓNS:

1ª-Secar a moeda.

2º-Colocar a moeda sobre unha mesa e engadir gotas de auga pouco a pouco co contagotas. Contar as gotas ata que a auga se derrame.

3º-Cubrir o rexistro.

4º-Secar a moeda co pano e repetir o experimento anotando os pasos.

Rexistro:

Número de gotas:		
1º intento	2º intento	3º intento

EVIDENCIA:

Conta o que sucedeu.

.....

.....

.....

.....

.....

Debuxo:

EXPERIMENTO POMPAS DE XABÓN


Inventa un título.

MATERIAIS:

- Líquido para pompas de xabón.
- Unha palliña.
- Unha superficie lisa (mesa de cristal, espello...).
- Auga.

INSTRUCCIÓN:

- 1º-Humedece a superficie de traballo con auga.
- 2º-Sumerxe a palliña no líquido para facer pompas.
- 3º-Sopra e fai unha pompa sobre a superficie lisa; aparecerá unha cúpula de xabón.



- 4º-Xumerxe de novo a palliña no xabón , introduce a palliña na primeira cúpula de xabón e sopra para formar unha segunda cúpula.
- 5º-Repite para facer unha terceira pompa.


HIPÓTESE:

Que cres que pasará ao facer unha cúpula dentro da outra?

A large, empty rectangular box with a thick black border, intended for writing a hypothesis.

EVIDENCIA:

Que pasou ?

A large, empty rectangular box with a thick black border, intended for recording evidence.

FAI UN DEBUXO DO QUE PASOU:

A large, empty rectangular box with a thick black border, intended for drawing the observed phenomenon.

Unha nube nun bote de auga

Recordas como se forman as nubes e por que cae a chuvia?

Mira este vídeo sobre o ciclo da auga.

<https://www.youtube.com/watch?v=76dw3ZRFGNQ>

Con este experimento, poderás comprobalo por ti mesmo.

Material que necesitamos:

- Un vaso ou bote de cristal.
- Espuma de afeitar ou espuma para o cabelo.
- Auga
- Colorante alimentario.
- Cuchariña, pipeta,...

Procedemento:

1º Enche o vaso ou o bote con auga do grifo.

2º Verte a espuma por encima da auga para crear unha nube.

3º Espera un minutíño para que a espuma se asente.

4º Agora vai botando gotiñas do colorante por encima da nube, pouco a pouco.



HIPÓTESE

Que pensas que vai pasar agora?

EVIDENCIA

Que observaches no teu experimento? Que pasou?

DEBUXO

EXPERIMENTO CORES

MATERIAIS:

- Tres vasos, tarros ou recipientes de cristal do mesmo tamaño.
- Papel de cociña.
- Auga.
- Colorante alimentario.

INSTRUCCIÓNS:

1º-Encher de auga ata a metade un tarro e botarlle colorante vermello.

2º-Encher de auga ata a metade outro tarro e botarlle colorante amarelo.

3º-Colocar os tarros en fila(con auga, sen auga, con auga).

4º-Dobrar dous pedazos de papel de cociña facendo un "churro".

5º-Introducir un dos extremos do churro no tarro con auga vermella e o outro extremo no tarro sen auga. Facer o mesmo co tarro da auga amarela.

6º-Esperar e observar.



HIPÓTESE:

Que cres que vai pasar ?



EVIDENCIA:

Que pasou ?



NOME.....DATA.....

EXPERIMENTO DE FLOTACIÓN: FLOTA, VAI AO FONDO OU DISÓLVESE?

USAREMOS:



COLORANTE



CORCHO




PEDRA





VINAGRE

1. QUE PENSAS QUE VAI PASAR CON CADA UN?
RECORTA E PEGA DEBAIXO.





2. FACEMOS O EXPERIMENTO. METEMOS CADA COUSA NUN VASO E OBSERVAMOS.



3. EXPLICA O QUE PASOU EN REALIDADE.

4. CANTOS ACERTACHES? PON O NÚMERO.


NOME.....DATA.....

EXPERIMENTO DE FLOTACIÓN: FLOTA, VAI AO FONDO OU DISÓLVESE?

USAREMOS:



ACEITE




VASO CON AUGA




CULLER

1. QUE CRES QUE VAI PASAR?

CREO QUE O ACEITE....



VAI FLOTAR



VAI IR PARA O FONDO



VAISE DISOLVER


2. FAI O EXPERIMENTO.




3. QUE PASOU? RODEA



FLOTOU



FOI AO FONDO



DISOLVEUSE



AO REMATAR, HAI QUE LIMPAR

